



Nº 43 - 2020

CIG

www.cig.gal

Boletín  
Sindical

Por unha Galiza ceibe e sen explotación

## Mobilizacións o 15 de decembro en cidades e vilas Por unha saída galega xusta da crise

O Consello Confederal da CIG acordou, na xuntanza celebrada o pasado 27 de novembro, convocar concentracións para o vindeiro día 15 de decembro en cidades e vilas galegas. As mobilizacións insírense na campaña –para a central sindical prioritaria– en demanda de políticas que permitan unha saída galega xusta da crise.

A pandemia e a súa xestión evidenciaron o fracaso e as inxustizas do neoliberalismo e a súa incapacidade para dar solución a cuestións vitais como as sanitarias. Priorizouse a economía fronte á preservación da saúde e o benestar da poboación, mercantilizouse a vida humana e deixáronse na máis absoluta desprotección amplos sectores das clases populares.

Esta crise saltou cando en Galiza estabamos aínda inmersos nunha grave crise social, industrial e demográfica, agravada pola incesante emigración e polas políticas suicidas do goberno do PP na Xunta de Galiza.

Coas propostas presentadas pola central sindical –debatidas no último mes en infinidade de asembleas de delegadas/os e mesmo defendidas polo secretario xeral, Paulo Carril, na Comisión especial para a reactivación económica de Galiza pola crise COVID-19 do Parlamento galego– preténdese promover unha actuación pública eficaz e radicalmente distinta e impedir que as medidas que se articulen supoñan un novo saqueo á clase traballadora.

Xunto a esta campaña, están en marcha as mobilizacións do colectivo de xubiladas/os e pensionistas, coa reivindicación de políticas públicas de asistencia ás persoas maiores e coa vista posta na anunciada reforma das pensións que,



á vista das recomendacións do Pacto de Toledo, virá consolidar os peores aspectos das reformas de 2011 e 2013.

Recomendacións entre as que non se contemplan mecanismos para establecer unha pensión mínima garantida por lei, que para a CIG tería que ser equivalente ao SMI, e este o 60% do salario medio, tal e como establece a Carta Social Europea. Un principio que, de ser asumido, suporía elevar o salario mínimo até os 1142 euros/mes.

Si se contempla, porén, fomentar os ‘sistemas complementarios’ na negociación colectiva. Un eufemismo para non chamarlle directamente plans privados, que é un dos obxectivos fundamentais da próxima reforma das pensións, como exige a UE para acceder aos fondos de reconstrución. Plans que xerarán unha nova ruptura da unidade de clase, pola creación de condicións diferentes, e afondarán na precariedade, non xa no laboral, senón no social.

### Negociación colectiva

O Consello Confederal tamén considerou unha prioridade da central sindical a negociación colectiva, como a mellor forma para procurar unha mellora real das condicións de traballo e de vida da clase traballadora.

Unha das cuestións que entrará con forza na negociación colectiva o

vindeiro ano é o teletraballo. Para a CIG, un elemento de explotación brutal que se está implantando aproveitando a pandemia e a necesidade de minimizar os contactos sociais, pero que está cavando unha gran fosa para as condicións da clase traballadora.

Cómpre pois darlle resposta con intelixencia e aclarando ben as súas consecuencias, ao igual que aos procesos de dixitalización e robotización, que xa están provocando a substitución de persoas por máquinas en empresas como Zara, ou destruíndo miles de postos de traballo en sectores como o da banca.

Por iso, fronte á dureza da actual situación, a CIG aposta por presentar propostas, explicalas nas asembleas e defendelas fronte ao agresivo marco e os abusos nunca vistos do capital contra a clase traballadora. Unha situación que, se non se combate, abre as portas ao fascismo, que está aguilloando detrás aproveitando a indignación que medra conforme medra a precariedade.

Fronte ao sindicalismo da resignación, do entreguismo e do diálogo social co que se facilita a implantación das medidas que a patronal propón e os gobernos facilitan, contamos coa ferramenta organizativa e a capacidade combativa necesaria: a CIG.

# A CIG-Banca inicia mobilizacións na defensa do emprego e do acceso aos servizos financeiros

## Na última década destruíronse 3500 postos de traballo

O proceso de reconversión e concentración bancaria iniciado coa crise financeira de 2008 tense amosado como un auténtico fracaso no plano económico, laboral e social. Na última década en Galiza destruíronse máis de 3500 postos de traballo no sector e pecháronse 653 oficinas, excluindo a milleiros de galegas e galegos do acceso aos servizos bancarios.

Tamén perdemos soberanía financeira ao quedarmos sen as caixas de aforros e a súa obra social, nin entidades con arraigo no país, dificultando así o acceso ao crédito para as pequenas e medianas empresas. Pero esta reestruturación aínda non rematou e a estas demoledoras cifras haberá que sumar os despedimentos e a desaparición de oficinas co novo ERE do Banco Santander, que a empresa pretende xustificar por unha suposta baixada na demanda da atención presencial despois de forzar a dixitalización da clientela sen importar a súa idade, recursos ou coñecementos.

Diante disto, a CIG-Banca xa iniciou un calendario de mobilizacións na defensa dos postos de traballo no Santander e lanza un chamamento á sociedade galega e ás administracións locais na defensa do acceso aos servizos



financeiros. Non podemos permitir que as veciñas e veciños do rural se vexan na obriga de desprazarse a outros concellos ou que as persoas maiores, as que non dispoñen de medios tecnolóxicos ou teñen unha baixa alfabetización dixital se vexan excluídas destes servizos.

### Pasividade da Xunta

Neste senso, a secretaria nacional de CIG-Banca, Sefi Romero, denuncia a falta de implicación da Xunta de Galiza, que asiste pasiva a este proceso e que a única medida que promove para

que no rural teñan acceso aos servizos financeiros “é sacar a concurso a colocación de caixeiros automáticos, coa perversidade de subvencionar as mesmas entidades ás que primeiro permitiu pechar oficinas”.

O obxectivo desta concentración bancaria, alerta Romero, “só é garantir aos grandes investidores de capital nos bancos rendibilidade por enriba do 10%, tal e como no seu momento avanzaron Luis de Guindos, do Banco Central Europeo, CECA (patronal das caixas) ou AEB”.

## A CIG insta o Goberno español a ratificar o Protocolo de Reclamacións Colectivas e a Carta Social Europea revisada

A mediados de novembro, o Consello de Ministras e Ministros remitía por fin ás Cortes o Acordo autorizando a ratificación da Carta Social Europea na versión revisada de 1996, a tramitar pola vía de urxencia. Porén, nesa declaración non se incluíu o asinamento e subscripción do Protocolo Adicional de Reclamacións Colectivas de 1995, cando é un dos instrumentos esenciais para a salvagarda dos dereitos recollidos na ‘Constitución Social Europea’.

A CIG teme que separar ambos os procesos sexa un subterfuxio para que, finalmente, o Estado español continúe sen asumir a declaración específica de sometemento á supervisión do Comité Europeo de Dereitos Sociais. Para evitar esta nova demora, e a instancias da CIG, o BNG presentou unha pregunta no Congreso e unha Proposición non de Lei para que o Goberno español remita unha nova declaración para a ratificación da CSE revisada e mais do Protocolo de Reclamacións Colectivas.

Que o Goberno español leve moitos anos de atraso con respecto a outros Estados como Portugal ou Francia, que xa teñen subscrito este Protocolo, evidencia un claro déficit democrático e de redución de garantías dos dereitos sociais, porque a non aceptación deste mecanismo impide que organizacións sindicais –como a CIG– poidan recorrer diante do Comité Europeo de Dereitos Sociais (CEDS) as disposicións estatais, tanto normativas como da práctica, que non respecten os dereitos sociais.



# A UCI do hospital Clínico de Santiago, en folga

Condições de traballo dignas. Iso é o que demanda o persoal da Unidade de Coidados Intensivos (UCI) de adultos do hospital Clínico de Santiago. Por iso levan en folga indefinida desde o pasado día 16 de novembro.

Unha mobilización que ten un carácter simbólico pero que pretende chamar a atención sobre a súa situación.



Denuncian quendas de traballo de 7 ou 10 horas diarias –sen descanso e co mesmo EPI e uniforme– obrigadas e obrigados, en non poucas ocasións, a dobrar quendas, sen dereito a conciliar e esgotadas/os física e psiquicamente.

O persoal acusa a xerencia da área sanitaria de “insensibilidade” por non ter acometido as reformas estruturais que debían estar rematadas xa en setembro. Alerta da falta de medidas organizativas e preventivas fronte á

covid-19 e a inexistencia dun protocolo ou plan de prevención de riscos centrado no posto de traballo, en función das particularidades e funcións de traballo específico da UCI-A, establecido pola Unidade de Prevención de Riscos Laborais.

Poñen en evidencia a falta de formación de profesionais en novas técnicas e en riscos laborais, adestramento no manexo de EPIs para adquirir soltura e poder reforzar a unidade, mesmo en momentos puntuais. Por

iso demandan medidas preventivas e que se establezan os plans de continuidade necesarios para a previsión de baixas laborais.

Son as consecuencias de afrontar unha pandemia tras unha década de recortes na sanidade pública auspiciados polas políticas economicistas e privatizadoras do goberno do PP e que cómpre revertir. Recortes que tiveron, e teñen, graves consecuencias non xa para o seu persoal, senón tamén para garantir a calidade asistencial.

## A precariedade obriga o persoal dedicado á investigación sanitaria a ter que emigrar

O persoal das Fundacións de Investigación Sanitaria de Galiza non ten sequer un convenio que regule as súas condicións laborais. Investigadoras e investigadores que acaban, en non poucos casos, emigrando diante da inestabilidade laboral, a ausencia de carreira profesional ou mesmo de categorías definidas.

En 2019 conseguiran, por fin, que se crease o marco de negociación necesario para regular a súa situación, pero desde o verán suspendéronse as conversas ao cambiar a composición inicial da mesa tras un dos seus compoñentes, Julio García Comesaña, ser

nomeado conselleiro de Sanidade. Desde aquela agardan o nomeamento da persoa que o substitúa na mesa negociadora.

Denuncian que hai investigadoras e investigadores que traballan desde que se creou algunha das fundacións galegas, hai máis de 20 anos, sen convenio e demandan que se dignifiquen xa as súas condicións.

Esta pandemia evidenciou que a globalización e a deslocalización dos centros produtivos de bens e servizos, e a dependencia que os estados teñen das empresas privadas para acceder a produtos esenciais dificultou o acceso

a eses produtos. A debilidade dos estados quedou aínda máis en evidencia pola súa dependencia da investigación das farmacéuticas para atopar unha vacina pola que terán que desembolsar cantidades millonarias.

O persoal das fundacións galegas teno claro: a investigación sanitaria é fundamental para o avance da ciencia ou para afrontar situacións como as que estamos vivindo agora. En Galiza estase producindo unha auténtica “fuga de cerebros” pola falta de estabilidade e dereitos. Precisamos do seu traballo e elas e eles precisan poder realizalo en condicións dignas.





## A CIG promoverá unha Iniciativa Popular por un Sistema Público Galego de Atención ás Persoas

A pandemia da Covid-19 evidenciou ás claras o carácter esencial dos coidados, mais tamén o insuficiente investimento público nos servizos de atención e as ruindades do modelo de xestión privada promovido polo PP na Xunta, baseado na mercantilización das necesidades asistenciais e na precarización das traballadoras e traballadores que prestan estas tarefas.

Fronte a esta visión, a CIG ten en marcha unha campaña na demanda dun Sistema Público Galego de Atención ás Persoas integrado por unha única rede que integre as residencias da terceira idade, centros de día, de atención á discapacidade, axuda no fogar e outro tipo de servizos como Casas Niño, Casas do/a Maior, Xantar na Casa, etc, de xestión 100% pública e dotada suficientemente tanto de infraestruturas e material como de recursos humanos.

Para facela realidade, explica o secretario xeral, Paulo Carril, a CIG levará esta reivindicación ao Parlamento a través dunha Proposición non de Lei de Iniciativa Popular –para o que se require recoller 2500 sinaturas- que poderá ser asumida por calquera grupo parlamentario para levala a pleno ou comisión.

Carril salienta que os recursos e servizos sociais de atención ás persoas

teñen que deixar de ser unha actividade socialmente pouco valorada e con condicións de traballo precarias, para pasar a ser considerados servizos esenciais para a cidadanía a prestar pola Administración Pública en condicións de calidade asistencial para as persoas e con condicións de traballo dignas e estables para o persoal encargado dos coidados.

Nesta liña, a CIG reclama a aplicación do mesmo convenio colectivo e que se incorporen a esa rede pública todos os Servizos de Axuda no Fogar que actualmente se prestan dende os concellos, ben de maneira directa, ben a través de empresas privadas mais sempre en condicións de explotación laboral e deficiente dotación.

### “Descoidar a quen coida é violencia machista”

Dentro desta campaña para pór os coidados no centro das políticas públicas, a secretaria das Mulleres da CIG centrou o 25 de Novembro, Día Internacional para a eliminación da Violencia contra as Mulleres, na denuncia de que malia a pandemia pór de manifesto a importancia dos traballos de coidados, estes non están a ser obxecto dunha protección especial, non se puxeron en marcha políticas públicas para reforzar e valorizar as profesións relacionadas cos coidados, nin se lexislou para garantir os dereitos de coidados das persoas.

Por esta razón, sinala a secretaria confederal, Margarida Corral, as mobilizacións deste ano realizáronse diante de edificios do Goberno

español e da Xunta para chamar a atención sobre ese tipo de violencia machista menos visíbel, a violencia institucional, e sinalar a quen a ten responsabilidade de rematar con ela, porque “descoidar a quen coida é violencia machista”.

Ese é foi lema escollido para este 25N, para reivindicar que se lle dean as tarefas de coidados o valor real que teñen como traballos esenciais para a sociedade; e denunciar que, no contexto da pandemia, os poderes públicos “non adoptaron medidas socioasistenciais nin económicas con perspectiva feminista nin de clase porque o capital foi e está a ser quen xestiona a crise sanitaria e quen dita a resposta a esta”.